

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 23 DE FEBREIRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintetres de Febreiro de mil novecentos noventa e cinco; ás oito do serán xuntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Xosé Prieto Pérez, e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes aproban, por unanimidade, o borrador da Acta da sesión anterior que foi a celebrada o día 16 de Febreiro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A Don David Vales González, veciño desta Vila, con domicilio na Praza Maior, para que poida proceder á reestructuración de edificio para hostel en Praza Maior-Mera Soto segundo proxecto técnico presentado, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello que di o seguinte: "este proxecto servirá de base para a obra que se pretende; a rasante é a definida polas rasantes actuais sen que se poidan modificar nin alterar;

a aliñación será a definida polos edificios colindantes; os canalóns e baixantes serán metálicas con cubrecanos de protección na planta baixa; depositará unha fianza de 200.000 pesetas para responder entre outras da bondade da reposición dos elementos comúns da vía pública; solicitará licenza de primeira ocupación así como tamén a licenza para actividade; en canto ás medidas de seguridade, cumpriranse as normativas de uso coas proteccións adecuadas, valas, marquesinas, etc.". De seguido e ós efectos do seu cumprimento transcríbese o dictame da resolución da Comisión de Patrimonio, que di o seguinte: "Informar favorablemente o proxecto presentado; dada a situación do solar no Casco Histórico, e tendo en conta que se proxecta a realización dun soto, ante a posibilidade de que poidan aparecer restos arqueolóxicos de interese, con carácter previo a calquer remoción do subsolo, deberán practicarse unhas catas arqueolóxicas de sondaxe; os gastos que se deriven para a realización dos traballos arqueolóxicos correrán a cargo da propiedade". A validez desta licenza é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de construción, instalación e obras desta licenza, o cal importe é de 622.420 pesetas.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Visto o escrito presentado por Dona Alicia Durán Durán, veciña desta Vila, con domicilio na rúa do Ribeiro, nº 9, 1º, no que interesa información urbanística para un inmovible sito na rúa Norte-Corral, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda pór no seu coñecemento o dictame emitido pola Comisión de Patrimonio que di o seguinte: "1) Non se autoriza o derrubo das alzadas. Pódese limpa-la pedra con chorro de auga e cepillo vexetal; repararanse os defectos dos muros e o rexuntado da pedra farase con morteiros bastardos.- 2) Autorízase baixo e dúas plantas: a 1ª planta será igual ca actual, con balcón corrido na alzada principal; a 2ª planta en galería. Os muros exteriores da 2ª planta serán en sillería de granito da mesma dimensión e cor, cós existentes. A iluminación dos trasteiros farase con ventás no mesmo plano da cuberta. Tódolos ocos dos muros que se conservan terán utilización, incluídos aqueles que neste intre están tapiados. A carpintería será de madeira pintada. Non se permiten as persianas de plástico. Pode utilizar contraventás.- 3) Remitirá proxecto técnico axustado a estas condicións para a súa aprobación".

Visto o escrito de Don Gabino Fernández Vázquez, veciño de San Paio, con domicilio na Gandarela B2-P2- 2ºA, no que interesa autorización para o cambio do contador de auga instalado no seu domicilio por esta avariado o actual, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó interesado sempre e cando este cambio se faga baixo a supervisión dos encargados municipais deste servicio.

Visto o escrito de Dona Hilda García González, veciña de San Paio, con domicilio na Cuenga, B2-P2-1ºB, no que interesa autorización para proceder á substitución do contador de auga por outro novo no devandito domicilio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado, comunicándolle que a devandita substitución farase baixo supervisión dos encargos municipais deste servicio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno coñece o seguinte:

Da Delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, contestando a un escrito desta Alcaldía no que se solicitaba a explanada do Instituto de Bacharelato desta Vila, para a instalación do Salón de Exposicións de Viños do Ribeiro, durante a Feira do Viño deste ano.

5.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.

E sendo as oito e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.-